

## ÍNDICE DE CONTIDOS

---

1. [“Short courses” de Modelización Bayesiana e Aprendizaxe Máquina computacionais.](#)
2. [Curso virtual: como revisar un artigo orixinal \(3ª edición\).](#)
3. [Curso de análise e visualización de datos sanitarios con R da “Escuela Andaluza de Salud Pública”.](#)
4. [Curso de inverno en series de tempo: 2018 CRoNoS Winter Course on Time Series.](#)
5. [Congresos CMStatistics 2018 \(ERCIM 2018\) e “12th International Conference on Computational and Financial Econometrics” \(CFE 2018\).](#)
6. [11th International Statistics Days Conference \(11th ISDC\).](#)
7. [Prazas De Axudante Doutor Na Universidade Politécnica De Madrid.](#)
8. [Concurso para prazas de Axudante Doutor e Profesor Asociado na Universidade de Santiago de Compostela.](#)
9. [Premios da “Association of European Operational Research Societies” \(EURO\).](#)

## 1.- “Short courses” de Modelización Bayesiana e Aprendizaxe Máquina computacionais

---

**Profesores:** Sujit Sahu (University of Southampton, Reino Unido) e Dr Sourish Das (Instituto Matemático de Chennai).

**Datas:** do 11 ao 15 de xuño de 2018.

**Lugar:** University of Southampton, Reino Unido.

**Descrición do Curso 1:** Introducción á Modelización e Computación Xerárquica Bayesiana, do 11 ao 12 de xuño de 2018. Dirixido a científicos aplicados que estean a pensar en utilizar métodos Bayesianos e que desexen recibir unha introducción básica cunha gran compoñente práctica mediante os programas R e WinBUGS. Non se precisa coñecemento previo de métodos bayesianos. Non obstante, asúmese a familiaridade coas distribucións estándar de probabilidade (normal, binomial, Poisson, gamma) e métodos estatísticos estándar, como por exemplo a regresión múltiple. Ás sesións maxistras sobre o teorema de Bayes, os elementos da inferencia bayesiana, a elección das distribucións a priori e a introducción ao MCMC, seguiranlles as clases prácticas usando R e o software WinBUGS.

**Descrición do Curso 2:** Aprendizaxe Máquina Estatístico. Do 13 ao 15 de xuño de 2018. Este curso proporcionará unha visión xeral das ideas básicas da aprendizaxe máquina desde unha perspectiva estatística. Os temas a tratar inclúen: aprendizaxe supervisada, clasificación e algoritmos e aprendizaxe non supervisada. O curso comezará cunha discusión detallada sobre a aprendizaxe supervisada. Discutiranse os subtemas de regresión habituais de multicolinealidade, selección variable, regularización, LASSO, Ridge, Elastic Net mediante gran número de exemplos. Seguirase coa exposición da regresión no lineal para pasar a continuación ao tema de clasificación, facendo especial énfase no clasificador Bayes Naïve, a análise discriminante, regresión logística, árbores de decisión, máquinas de vector de soporte, Random Forest, perceptrón learning, redes neuronais e deep learning. A continuación comentaranse varios algoritmos de optimización populares como Gradient Descent, Stochastic Gradient Descent e o Back Propagation. Finalmente se introducirá o agrupamento de K-medias, análise de compoñentes principais e análise latente de Dirichlet.

**Contacto:** [SKSahu@soton.ac.uk](mailto:SKSahu@soton.ac.uk)

**Sitio web:** <http://www.soton.ac.uk/~sks/2018course/>

**Rexistro:** <http://go.soton.ac.uk/94y> para o Curso 1.

<http://go.soton.ac.uk/94x> para o Curso 2.

## 2.- Curso virtual: como revisar un artigo orixinal (3ª edición)

---

**Descrición:** Este curso levarase a cabo a partir dunha serie de talleres de e-learning organizados pola revista Gaceta Sanitaria no marco do acordo EASP-SESPAS e impartido polos editores da revista. A revisión dun artigo científico é un paso crave no proceso de publicación e debe contribuír á validez, claridade e utilidade do que se publica. O curso está estruturado en cinco unidades:

- Proceso de revisión por pares
- A escrita científica e a estrutura dun artigo
- Realización dunha revisión
- Exercicio práctico dunha revisión
- Como responder a editores e revisores.

Data: Do 7 de maio ao 5 de xuño de 2018. Con 5 horas de dedicación aproximada por semana. Tras a conclusión e entrega de diferentes tarefas, obterase a certificación da formación.

### Requisitos:

- Publicación de polo menos 2 artigos científicos.
- Coñecemento da metodoloxía da investigación.

A selección será realizada polo comité editorial da revista, baseada nos requisitos e priorizando aos socios do SESPAS.

**Límite de inscrición:** 3 de maio de 2018

**Prezo de inscrición:** 80 €

**Rexistro en:** <https://bit.ly/2JdR2uO>

**Información:** Juan Antonio Castillo, telf: +34 958 027 400, **correo electrónico:** [juanantonio.castillo.easp@juntadeandalucia.es](mailto:juanantonio.castillo.easp@juntadeandalucia.es)

## 3.- Curso de análise e visualización de datos sanitarios con R da “Escuela Andaluza de Salud Pública”

---

**Matrícula:** de 340 €

**Coordinación:** Emilio Sánchez-Cantalejo Ramírez; Carmen Sánchez-Cantalejo Garrido

**Duración:** 20h

**Lugar e datas:** Granada, do 13 ao 15 de xuño de 2018

**Prazo de rexistro:** 16/05/2018

**Organizado por:** Centro de Estudios Andaluces y Escuela Andaluza de Salud Pública.

### Obxectivos:

- Importación e exportación de bases de datos desde e en calquera formato.
- Manipular bases de datos: seleccionar tanto individuos como variables, ordenar, fusionar, recodificar, calcular, etc.
- Construír táboas e gráficos.

### Contidos:

- Introducción ás ferramentas para a análise de bases de datos sanitarias.

- Principais características das bases de datos sanitarias. Importación, exportación e manipulación de ficheiros.
- Funcións máis utilizadas na análise estatística básica.
- Gráficos avanzados e mapas en epidemioloxía e investigación sanitaria.

**Sitio web:** <http://www.easp.es/cursos/?idCurso=311502NA18>

#### **4.- Curso de inverno en series de tempo: 2018 CRoNoS Winter Course on Time Series**

---

**Descrición:** Dates: 11-12 December 2018.

**Localización:** Facolta di Economía, University of Pisa.

**Sala:** TBA

**Ponentes:**

- Prof. Alessandra Luati, Università di Bologna, Italia.
- Prof. Peter Winker, Justus-Liebig-Universität Giessen, Alemaña.

Proporcionarase aos alumnos un enlace coa información e material correspondente ao curso.

**Bolsas:** Os estudantes de doutoramento e os doutores recentes (cuxo título se obtivera de 2011 en adiante) poderán optar a unha beca de ata 500 euros para gastos de aloxamento e viaxe, ademais da matrícula do curso. Deberá mandarse o CV a dirección de correo [cronos.cost@gmail.com](mailto:cronos.cost@gmail.com) sendo a data límite o 15 de xullo de 2018. Os gañadores serán informados por correo.

**Organización:** CRoNos COST Action IC1408, representada por Erricos J. Kontoghiorghes e Ana Colubi.

**Sitio web e rexistro:** <http://cfenetwork.org/CFE2018/wintercourse.php>

#### **5.- Congresos CMStatistics 2018 (ERCIM 2018) e “12th International Conference on Computational and Financial Econometrics” (CFE 2018)**

---

14 de decembro de 2018 – 16 de decembro de 2018

Pisa, Italia

**Descrición:** O “11th International Conference of the ERCIM WG on Computational and Methodological Statistics” (CMStatistics 2018) terá lugar na Universidade de Pisa, Italia, do 14 ao 16 decembro de 2018. Os cursos tutoriais impartiranse o xoves 13 de decembro mentres que o curso de inverno Cronos Winter Course terá lugar do 11 ao 12 decembro de 2018. Este cogreso está organizado polo grupode traballo ERCIM de eEstatística Computacional e metodoloxica (CMStatistics) ademais da Universidade de Pisa. A nova revista Econometrics and Statistics (EcoSta) e o seu suplemento, Annals of Computational and Financial Econometrics, son os principais patrocinadores do congreso. As revistas Econometrics and Statistics e Computational Statistics and Data Analysis publicarán aqueles traballos seleccionados en números especiais unha vez pasen a correspondente revisión por pares. Este congreso terá lugar conxuntamente coa “12th International Conference on Computational and Financial Econometrics”

(CFE 2018). Es congreso ven avalado pola alta calidade das presentacións e a alta participación, de feito a última edición reuniu máis de 1.600 participantes.

**Temas:** Métodos robustos, algoritmos e software estatístico, análise de datos de alta dimensión, estatísticas de datos imprecisos, modelado de valores extremos, regresión cuantil e métodos semiparamétricos, validación de modelos, análise de datos funcionais, métodos Bayesianos, heurística de optimización para a estimación e o modelizado, econometría computacional, finanzas cuantitativas, extracción e filtrado de sinais, estimación de áreas pequenas, modelos de ecuacións estruturais e variables latentes, modelos de mesturas, cálculos matriciais en estatística, modelado e computación de series temporais, algoritmos de deseño óptimos e estatística computacional para a investigación clínica.

**Sitios web:**

<http://cmstatistics.org/CMStatistics2018/index.php>

<http://cfenetwork.org/CFE2018/>

## **6.- 11th International Statistics Days Conference (11th ISDC)**

---

3 de outubro de 2018 – 7 de outubro de 2018

Bodrum (antiga Halicarnaso), Turquía

**Descrición:** O Departamento de Estatística da Universidade de Muğla Sıtkı Koçman comprácese en informar a todos os membros da SGAPEIO que recentemente se abriu o prazo para a presentación de resumos correspondente ó "11th International Statistics Days Conference" que se ha celebrar no nomeado e sobranceiro Kefaluka Resort Hotel (consultar <http://www.kefaluka.com/>) ao abrazo de azul profundo do Mar Exeo, en Turquía. O congreso ofrece unha oportunidade única de intercambiar ideas e discutir novas cuestións tanto teóricas como prácticas en calquera dos campos da estatística, ademais de establecer novas colaboracións que sirvan de semente a proxectos e investigacións de carácter global. O Comité Científico avaliará as súas contribucións mediante un proceso de revisión por pares. As presentacións aceptadas publicaranse nos Proceedings do Congreso, accesibles vía web, tendo ademais a posibilidade de seren seleccionadas para a súa publicación en diversas revistas de contrastada calidade. O comité organizador comprométese a investir todo o seu esforzo para xerar un ambiente óptimo para partillar coñecementos e experiencias.

**Sitio web:** <http://www.igs2018.mu.edu.tr/>

## **7.- Prazas De Axudante Doutor Na Universidade Politécnica De Madrid**

---

**Descrición:** No Departamento de Matemática Aplicada da UPM publicouse a convocatoria de dúas prazas (prazas 006 e 042 do anexo I) de axudante doutor. O departamento é transversal, imparten clase en 4 escolas, e as prazas saen vinculadas a dúas delas, ARQUITECTURA e ENXEÑERÍA AGRONÓMICA. Aínda que o perfil da praza é nas materias de Matemática Aplicada desas seccións, o candidato pode dar clase en

calquera das seccións, polo que, aínda que non figure, os perfís en Estatística e Investigación Operativa será tamén benvidos.

**Prazo de envío de solicitudes:** 4 de maio, inclusive.

**Sitio web:**

[http://www.upm.es/personal/pdi/concursos/profesorescontratados/ayudantesdoctor/es?ide=4984\\_abfea73d2610\\_VgnVCM10000009\\_c7648a & fmt= detail](http://www.upm.es/personal/pdi/concursos/profesorescontratados/ayudantesdoctor/es?ide=4984_abfea73d2610_VgnVCM10000009_c7648a&fmt=detail)

## **8.- Concurso para prazas de Axudante Doutor e Profesor Asociado na Universidade de Santiago de Compostela**

**Descrición:** Concurso 1009 e 1068/18-19 de prazas de profesor axudante doutor e profesor asociado na área de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Concurso 1009/18-19. Área de Estatística e Investigación Operativa**

- Número de concurso: 1009/18-19
- Dedicación: T
- Localidade: Santiago de Compostela
- Perfil: Bioestatística (G2051108)
- Número de prazas: 1
- Código/s posto/s: FX0363
- Departamento: Estatística, Análise Matem. e Optim
- Área: Estatística e Investigación Operativa
- Centro\*: Fac. de Medicina e Odontoloxía

### **Concurso 1068/18-19. Área de Estatística e Investigación Operativa**

- Número de concurso: 1068/18-19
- Dedicación: P3
- Localidade: Lugo
- Perfil: Materias da área
- Número de prazas: 2
- Código/s posto/s: HX1362, HX1363
- Departamento: Estatística, Análise Matem. e Optim
- Área: Estatística e Investigación Operativa
- Centro\*: Esc. Politec. Superior Enxeñaría

**Data de publicación de Resolución Reitoral/DOG/BOE:** 20.04.2018

**Data límite de entrega de solicitudes:** 15.05.2018. A guía docente (profesor axudante doutor) e o proxecto de actividades docentes (profesor asociado) pódense entregar ata o 20.06.2018.

**Sitio web:**

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/profesorado/descargas/1\\_concurso\\_18-19/AnuncioG2018-110418-0001\\_es.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/profesorado/descargas/1_concurso_18-19/AnuncioG2018-110418-0001_es.pdf)

## 9.- Premios da “Association of European Operational Research Societies” (EURO)

---

**The EURO Gold Medal (EGM)** é a máis alta distinción en OR en Europa. Se concede tanto a persoas coma equipos ou institucións polo seu sobranceiro e destacado traballo no eido da OR. O premio entrégase oficialmente na sesión inaugural do Congreso EURO-k sempre no caso de que haxa un candidato adecuado.

**The EURO Distinguished Service Medal Award (EDSM)** confírese polos servizos prestados á EURO e polo exercicio distinguido da profesión no ámbito da investigación de operacións. A decisión do xurado faise pública en cada EURO-k Conference. O premio entrégase oficialmente na sesión inaugural do Congreso EURO-k sempre no caso de que haxa un candidato adecuado.

**The Excellence in Practice Award (EEPA)** reconece destacados traballos prácticos na área da investigación de operacións. Todos os autores interesados están invitados a enviar os seus traballos, facendo especial énfase no seu impacto práctico. Un reducido grupo de finalistas será convidado a presentar os seus traballos nunha sesión especial do Congreso EURO-k. O gañador será anunciado na sesión de peche do citado congreso.

**The EURO Doctoral Dissertation Award (EDDA)** premia as contribucións correspondentes a teses de doutoramento lidas nos últimos dous anos. Tres finalistas serán convidados a presentar os seus traballos nunha sesión especial do Congreso EURO-k. O gañador será anunciado na sesión de peche do citado congreso.

**The EURO Award for the Best EJOR Papers.** Os mellores artigos de revisión, aplicación, e teórico/metodolóxicos publicados en EJOR no último ano serán seleccionados por un xurado, recibindo un premio de €1000 de dotación, sendo outorgado na cerimonia de clausura do EURO-k ou do IFOR.

**Sitio web:** <https://www.euro-online.org/web/pages/104/prizes-and-awards>

*Infórmase a todos os interesados en difundir algunha nova en especial que poden propoñer a súa inclusión no boletín da SGAPEIO a través do contacto [jtarrío@udc.es](mailto:jtarrío@udc.es).*